

## Cine: a biblioteca escolar formando espectadores

IES Fernando Esquío : “De cine no Esquío / Carteleira”

Begoña López Soto



O espírito das Bibliotecas Escolares de Galicia, tanto si están no PLAMBE como si non, é de ser unha fonte de recursos e unha ventá ao mundo. As actividades que realizamos desde a BE do IES Fernando Esquío teñen como finalidade facilitar a achega aos recursos por parte dos usuarios: alumnos, familias e profesorado. E o uso dos materiais audiovisuais ten a forza da novidade e actualidade. Os nosos alumnos se moven entre música e imáxes e, ás veces, o uso do cine coa finalidade divulgativa e educativa é moito máis efectivo que co emprego doutros formatos. Deixando de lado os documentais, as películas adquiridas na nosa BE teñen o obxectivo da explotación de contidos transversais, a educación para a igualdade, a saúde, en valores... Para as materias impartidas nas Seccións Bilingües, Atención Educativa, Titoría ou calquera outra materia que precise un recurso audiovisual, creouse un catálogo dos fondos na [Carteleira](#), e o blog [De cine no Esquío](#) no que, con cada unha das películas, aportamos a disposición en préstamo no catálogo Meiga, a ficha técnica, as reseñas relevantes do mundo audiovisual e/ou educativo por medio de guías didácticas, as críticas cinéfilas, banda sonora e trailer principalmente na lingua orixinal... Incluso coas conmemoracións e actividades de fomento da lectura propostas pola BE nas que os fondos saen dos andeis, a presenza do cine é fundamental.